

Informe da Directora Xunta de Escola, 3 de marzo de 2021

1 Actividades de representación

- 24 febreiro. Asistencia da directora en representación do centro á Olimpíada en Xeoloxía.
- 25 de febreiro. Asistencia da directora e os titores do programa STEMBach na Escola, David Patiño e Raquel Pérez, á defensa de traballos STEMBach do IES A Paralaia.

2 Reunións de traballo

- Reunións semanais da directora co Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade e persoal do SPRL como responsable COVID do centro.
- 14 xaneiro. Asistencia da directora á reunión convocada pola Directora Xeral de Enerxía e Recursos Naturais da Xunta de Galicia.
- 25 xaneiro, 15 febreiro. Asistencia da directora á reunión convocada polo Reitor en relación ás medidas a adoptar para a adecuación da actividade docente na Universidade de Vigo ás novas restricións adoptadas pola Xunta de Galicia por razón da pandemia causada pola COVID-19.
- 4 de febreiro. Impartición pola directora da sesión informativa e de benvida ao profesorado que imparte docencia por primeira vez no centro no segundo cuadrimestre.
- 5 e 11 de febreiro. Reunión da directora coa representante da AEECT (*“Asociación Española de Enseñanzas de Ciencias de la Tierra”*) para a organización da Olimpíada de Xeoloxía.
- 8 febreiro. Reunión da directora con Manuel Costa para a organización do Foro Tecnolóxico de Emprego 2021.
- 8 febreiro. Asistencia de Teresa Rivas e a directora á reunión con María Romera, representante do programa *“Mujer e Ingeniería”* da RAI (*“Real Academia de la Ingeniería de España”*).
- 9 febreiro. Asistencia da directora á reunión da Comisión Mixta do desenvolvemento do convenio entre CODEIME (*“Conferencia de Directores/as de Escuelas de Ingeniería de Minas y Energía de España”*) e a RAI, en calidade de Vicepresidenta da CODEIME.
- 11 de febreiro. Asistencia da directora á reunión convocada pola plataforma *“Minería Sostible”*, para activar o funcionamento da *“Comisión de Innovación e Sostibilidade”*.
- 12 de febreiro. Asistencia da directora á reunión convocada polo Director de Área de Posgrao.
- 24 febreiro. Reunión da directora coa Delegación de Alumnado.

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

3 Mobilidade

3.1 Erasmus +

A relación de alumnos de entrada é a seguinte, con indicación do programa de mobilidade:

Universidade orixe	País	Estudos	Programa	Curso 2020/21
Dokuz Eylül Üniversitesi	Turquía	EE e ERME	Erasmus +	2C
Dokuz Eylül Üniversitesi	Turquía	EE e ERME	Erasmus +	2C
Dokuz Eylül Üniversitesi	Turquía	EE e ERME	Erasmus +	2C

No relativo á mobilidade saínte para o curso 2021-2022 de alumnado de Enxeñaría da Enerxía:

Universidade orixe	País	Estudos	Programa	Curso 2021/22
Technical University of Ostrava	República Cheva	Máster Enxeñaría Minas	Erasmus +	1C
Hochschule Flensburg	Alemania	Enxeñaría da Enerxía	Erasmus +	1C
Karlstad University	Suecia	Enxeñaría da Enerxía	Erasmus +	1C e 2C

3.2 SICUE

Infórmase que está aberta a convocatoria SICUE ata o 04/03/2021.

3.3 Erasmus KA107

A semana vindeira publicarase na web do centro e nas RRSS a convocatoria de mobilidade estudiantil ERASMUS KA107 asociada ao proxecto entre a Escola e as Universidades chilenas: Federico Santa María e Universidade Católica do Norte.

Nos próximos meses publicarase a convocatoria para seleccionar un/ha docente da nosa Escola que se poderá desprazar a calquera das dúas universidades chilenas a realizar unha estancia de unha semana.

Agradécese a Iago Pozo o seu labor de información e coordinación da mobilidade do centro.

4 Igualdade

4.1 Día da Nena na Ciencia

O día 11 de febreiro, a Escola participou por segunda vez nas actividades organizadas pola Unidade de Cultura Científica e a Unidade de Igualdade para conmemorar o “Día internacional da Muller e da Nena na Ciencia”. Ofertáronse 6 actividades en modalidade non presencial.

- “Física y Astrofísica para explicar el Universo” (Ana Ulla)
- “The Wall” (María Araújo, Santiago Pozo)
- “The She-ience Games: Catching Fire” (Ana Larrañaga, Raquel Perez)
- “Minerais e arte: a min non me enganas!” (Teresa Rivas, Elena Alonso)
- “Unha mirada feminina dende Rande” (Iria Feijoo)

Finalmente impartíuse a actividade “*The She-ience Games: Catching Fire*”, na que participaron un grupo de rapazas de ESO do IES Alborada, actividade que se desenvolveu en modalidade non presencial.

Agradécese as persoas participantes no deseño das actividades e a Iago Pozo e Teresa Rivas a coordinación das mesmas.

4.2 Concurso Mulle_Rme 2021

Realizáronse actividades de divulgación da terceira edición do concurso fotográfico Mulle_Rme 2021, que pretende visibilizar a actividade das mulleres en actividades relacionadas coa explotación dos ámbitos da enxeñaría de minas, enerxía e materiais. Está previsto realizar a entrega de premios o próximo día 8 de marzo ás 13:00 horas.

4.3 Celebración Día internacional da Muller 8M

Organizáronse os actos a desenvolver no Día Internacional da Muller 8M de 2021 e a publicidade dos mesmos. Os actos deste día consistirán nunha conferencia titulada “Minería con M de Muller”, impartida por Luz Cerezo Álvarez, Enxeñeira de minas, Enxeñeira civil e Presidenta de *Women in Mining*, que tratará a situación actual da muller neste sector profesional (ás 12 horas) e a entrega dos premios do concurso Mulle_Rme 2021, ás 13 h.

4.4 Solicitud de axuda Cine Fórum (in)VISIBILIDADE das MULLERES STEAM NA CINEMATOGRAFÍA

Presentouse unha solicitude de axuda para a organización dun Cine Fórum titulado (in)VISIBILIDADE das MULLERES STEAM NA CINEMATOGRAFÍA, no eido da convocatoria 2021 de axudas para a organización de actividades docentes que promovan a perspectiva de xénero, pola Universidade de Vigo. Trátase da emisión de 4 películas e/ou documentais relacionadas coa actividade das mulleres no ámbito da enxeñaría, e na organización dos seus correspondentes cinefórum conducidos por un experto en cinematografía e perspectiva de xénero.

Agradécese a Teresa Rivas o seu labor de coordinación destas actividades.

5 Divulgación

5.1 Conferencias nos IES

Data	Centro	Conferenciante		Curso	Nº alumnado
21 decembro	IES Teis	Minerais de Galicia	Santiago Pozo	4º ESO	15
11 febreiro	CRP Plurilingüe Santiago Apóstol (Pontearreas)	“ <i>Ingeniería de recursos mineros y energéticos</i> ”	Santiago Pozo	4º ESO	25
19 febreiro	IES San Paio (Tui)	“ <i>Aspectos medioambientales de las explotaciones mineras</i> ”	Teresa Rivas	1º e 2º Bach	8
1 marzo	IES Antón Losada (A Estrada)	Física Recreativa	Benito Vázquez	2º Bach	16

5.2 Exposición itinerante

Do 16 de novembro ata o 17 de novembro a exposición estivo no IES Virxe do Mar (Noia).

5.3 Olimpíada de Xeoloxía

O mércores 24 de febreiro, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía volveu a ser sede provincial da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía na súa duodécima edición. A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa organizada pola “*Sociedad Geológica Española*” e a AEPECT (“*Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra*”). Nesta edición participaron 58 estudantes de 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato, procedentes de 6 IES da provincia de Pontevedra: Beade (Vigo), Castelao (Vigo), Teis (Vigo), Primeiro de Marzo (Baiona), Ribeira do Louro (Porriño) e Terra de Turonio (Gondomar). A persoa que obtivo os mellores resultados clasificouse para participar na fase española, que terá lugar o 17 de abril.

O estudantado foi recibido ao comezo da xornada pola directora da escola e pola delegada en Galicia da AEPECT, Alicia López, na sala habilitada no Campus Remoto. A proba realizouse empregando a plataforma de teledocencia MOOVI da Universidade de Vigo.

- O Premio ao Mello Equipo foi o do IES Beade de Vigo formado por Erea Garcés, Aurora Fojo, Eva Calvo e Ruhma Choudhry.
- O Premio Áccesit de 4º da ESO foi para Carla Corbacho do IES Terra de Turonio de Gondomar.
- O 3º Premio foi para Diego Pérez do IES Castelao de Vigo
- O 2º Premio foi para Aurora Fojo do IES Beade de Vigo.
- O 1º Premio, que será representante na fase española, foi para Antonio García do IES Ribeira do Louro en Porriño

Agradécese as persoas que participaron no desenvolvemento da actividade a súa colaboración e a Iago Pozo a participación no acto de clausura.

5.4 Programa STEMBach

O 25 de febreiro celebrouse a defensa de Traballos Finais do programa STEMBach, que é a primeira edición na que participa a Escola en colaboración co IES Plurilingüe A Paralaia. A defensa dos traballos realizouse en modalidade non presencial a través do Campus Remoto.

Presentáronse os seguintes traballos:

- “*Influencia de la recirculación de gases en los procesos de biomasa*”, traballo elaborado por Martín Freire, Eloy Pena e Daniel Redondo.
- “*Estudio de la influencia de la recirculación de gases de escape en motores alternativos de combustión interna*”, traballo realizado por Alejandro Gayo, Manuel Iglesias e Rodrigo Paredes.

Os traballos foron dirixidos na Escola por Raquel Pérez e David Patiño e no IES participaron os profesores Carlos Velasco e Francisco Ogando. En representación da Escola asistiron á presentación dos traballos a directora, Raquel Pérez, David Patiño e Francisco Deive, quen participou no tribunal.

Agradécese a David Patiño e Raquel Pérez o seu labor na titorización dos traballos.

5.5 Solicitude Proxecto FECYT

A Escola presentou un proxecto ao Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020 da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) o 26 de xaneiro 2021. O proxecto chámase A CAIXA SOSTIBLE e de concedelo a Escola comprométese a financiar parte do proxecto. O obxectivo do proxecto é fomentar ou despertar vocacións científico-técnicas no ámbito educativo preuniversitario (concretamente 4º ESO e bacharelato), mediante a implicación do alumnado e profesorado dos centros da comunidade galega no desenvolvemento de diferentes actividades guiadas, de tipo experimental, relacionadas con: i) a sustentabilidade e

eficiencia enerxética do seu instituto, ii) a eficiencia luminosa do seu instituto e municipio, iii) a calidade das augas, iv) xestión sostible dos recursos mineiros da entidade local e v) a posta en valor do seu patrimonio xeolóxico-arqueolóxico. Proponse a realización de 5 actividades a través dun *kit* que os centros educativos recibirán nas súas instalacións. Estas actividades permitirán que o alumnado coñeza o nivel de sustentabilidade que presenta o seu instituto e o seu municipio coñecendo o consumo enerxético, a calidade que presentan as súas augas, o tipo de emprego que se fai dos recursos minerais e rocas ornamentais e a posibilidade que presenta o seu patrimonio xeolóxico-arqueolóxico como recurso económico. A resolución publicarase nos meses de maio-xuño de 2021.

As persoas participantes no proxecto son Santiago Pozo, Francisco Deive, Pablo Eguía, Ana Ogando, Raquel Pérez, María Araújo, Benito Vázquez, Teresa Rivas, David Patiño e Elena Alonso.

Agradécese a participación de todas as persoas implicadas no proxecto e a redacción da proposta a Iago Pozo e María Araújo.

A directora agradece a todas as persoas que participan nas actividades de divulgación e a Iago Pozo o seu labor de organización e coordinación das actividades de divulgación e difusión do centro.

6 Sistema Garantía Calidade

6.1 Renovación da certificación do Sistema de Calidade da Escola

O 23 de febreiro realizouse a visita do Comité externo da ACSUG para a avaliación do SGC do centro cara a renovación da certificación da súa implantación. Participaron na visita Guillermo García Lomba, María Araújo Fernández, José Santiago Pozo Antonio, Francisco Javier Deive Herva, Ana Rodríguez Rodríguez, Teresa Rivas Brea, Carmen Filgueira Sánchez, M^a Carmen Romo Pérez, Luisa Álvarez Zaragoza, Diego López González, Raquel Gandón Chapela, Ángeles Saavedra González, David Patiño Vilas e Elena Alonso Prieto. A sensación do desenvolvemento da visita foi moi boa. Na valoración final soamente indicaron temas menores, algúns dos cales xa foran respondidos nas audiencias previas e estamos á espera da recepción do informe final. Agradécese as persoas que participaron na vista a súa colaboración e a Guillermo García o traballo de preparación da documentación e coordinación da actividade.

6.2 Renovación acreditación Programa Doutoramento Xeotecnoloxías

O día 21 de xaneiro tivo lugar a visita virtual do Comité de Avaliación do programa de doutoramento “Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria”, con sede administrativa na Escola.

6.3 Enquisas Avaliación Docente

O 2 de marzo rematou o prazo para realizar as enquisas (ampliouse o prazo desde o 19 de febreiro). Os datos de participación de que dispoñemos (ata o día 26 de febreiro) son os seguintes:

Código	Titulación	Participantes	Potenciais	%
V09G290V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	192	624	30,77%
V09G291V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	29	194	14,95%
V09G310V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	65	217	29,95%
V09M148V01	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	68	170	40,00%

6.4 Enquisas de satisfacción do profesorado e do alumnado coas titulacións oficiais (graos e mestrados)

Onte, 2 de marzo habilitouse o prazo para realizar as enquisas de satisfacción coas titulacións. Esta aplicación estará operativa ata o 31 de maio de 2021. Recórdase que poden cumprimentalas:

- profesorado que imparte docencia nas titulacións
- alumnado de grao que se matricula por primeira vez no penúltimo curso
- alumnado de máster que se matricula por primeira vez no último curso

O acceso a aplicación "Enquisa de valoración da satisfacción das titulacións oficiais" é o seguinte:
<https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/index.php?modulo=enquisasGrao>

7 Procedementos administrativos e académicos

7.1 Eleccións representantes estudiantado en Consellos Departamento

Estanse a realizar as eleccións de representantes de alumnado en Consellos de Departamento. Só é necesario realizar as eleccións para o Departamento de Deseño na Enxeñaría. O 2 de marzo fíxose o sorteo da mesa electoral e a votación terá lugar o 9 de marzo na Sala de Xuntas da Escola. Toda a información das eleccións está publicada nos taboleiros do centro e enviarase un correo recordatorio ao alumnado do centro.

7.2 Solicitude ao Consello Social

Solicitouse unha axuda ao Consello Social para acondicionar o espazo do "Aula Aberta á TecnoCiencia" e concedeuse a cantidade 4477,27 €. Xa está executado o gasto con cargo ao orzamento do ano 2020.

7.3 Defensa TFG/TFM. Convocatoria Febreiro

O pasado 23 de febreiro tivo lugar o acto de exposición pública dos TFG da convocatoria de febreiro. Defendéronse os seguintes TFG

Grao EE: 3 TFG

Grao ERME: 3 TFG

MUEM: 1 TFM (a defensa terá lugar o 9 marzo).

7.4 Eleccións representantes Xunta de Escola

Habilitouse o procedemento de elección de representantes en xunta de escola para o PDI non permanente, alumnado e PAS. O 14 de decembro publicáronse as candidaturas definitivas e, como non se cobren todas as vacantes, publicouse a lista provisional de representantes electos e habilitouse un prazo de presentación de alegacións que rematou o 17 de decembro. A listaxe definitiva de representantes publicouse o 18 de decembro.

Sector PDI non permanente	
Apelidos	Nome
CONDE FONTENLA	MARCOS
GIRÁLDEZ PÉREZ	EDUARDO
MARTÍNEZ SÁNCHEZ	JOAQUÍN

Sector alumnado		
Apelidos	Nome	Titulación
ANDRÉS HERGUEDAS	LAURA	MASTER MINAS
BARREIRO CAL	BORJA	GRAO EE 290
BASTOS RECAREY	PEDRO	GRAO EE 290
CARIDE PÉREZ	MARTA	GRAO EE 290
CASAL BARREIRO	ALEJANDRO	GRAO EE 290
CUÑADO JUNCAL	IAGO	GRAO EE 290
DOMÍNGUEZ BLANCO	SANTIAGO	GRAO ERME 310
FILGUEIRA SÁNCHEZ	CARMEN	GRAO ERME 310
MARCELINO ROSA	LUIS HENRIQUE	GRAO EE
MONTENEGRO VÁZQUEZ	IVÁN	GRAO EE 290
PARENTE ARTIME	BELÉN	GRAO EE 290
SANTORUM RUÍZ	HÉCTOR	GRAO EE 290

Sector PAS	
Apelidos	Nome
GARCÍA CAUREL	JESÚS
GARCÍA EIRÍN	MIGUEL ÁNGEL
MARCOTE PEREIRA	Mª MAYTE
MARTÍNEZ MARTÍN	Mª JOSÉ
ROMO PÉREZ	Mª DEL CARMEN

8 Prevención de riscos e control sanitario

8.1 Material protección e probas comunidade universitaria

A Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade fixo un reparto dun *kit* de material de prevención para PDI, PAS e alumnado. Para PDI e PAS fíxose en febreiro e para o alumnado (3 FFP2 e 1 bote de xel hidroalcohólico) estase a realizar estes días e se pode recoller na Conserxería.

A Vicerreitoría de Planificación convocou ao PDI/PAS a semana pasada para realizar un cribado por saliva. Esta semana convocouse ao persoal que non fora convocado antes (investigadores, bolseiros e persoal con vinculación non permanente).

Para o alumnado o SERGAS está a realizar un cribado por PCR (estudiantado de grao, máster e doutoramento). A Universidade proporciona neste caso os datos de contacto e os espazos.

8.2 Control e seguimento de casos COVID19 no centro

En relación aos casos COVID no centro, desde a última Xunta de Escola (16 de decembro), fíxose o seguimento de 14 casos, dos cales 1 foi positivo. O resto dos casos foron casos posibles ou compatibles que finalmente foron casos negativos, aínda que tiveron que facer corentena. Agradécese ao profesorado das materias nas que houbo alumnado en corentena as facilidades que prestaron ao alumnado para seguir a docencia ou realizar probas de avaliación.

A directora lembra que non se pode acceder ao centro no caso de ter síntomas ou de ter que gardar corentena (por caso confirmado ou posible) e que é necesario informar destas circunstancias.

9 Infraestruturas e equipamento espazos docentes

A Escola fixo a solicitude de fondos para infraestruturas á Vicerreitoría Planificación e Sostibilidade:

- Climatización das aulas docentes da escola (10 aulas).
- Climatización dos despachos de profesorado da escola.

No relativo ás reparacións:

- Filtracións de auga e humidades en diferentes despachos da escola. Estado: realizado.
- Reparación de humidades das aulas M102, M106, M107 e M108. Estado: solicitado.

Equipamento espazos docentes:

- Tapizado aula M105. Estado: pendente.
- Electrificación aula M211. Estado: realizado.
- Instalación pantallas táctiles nas aulas M211 e M108. Estado: realizado; fíxose ademais unha sesión formativa do emprego do equipamento.

Equipamento docencia:

- Adquisición de 5 *webcams* de préstamo para o profesorado.
- No relativo ás licenzas de *software* para poder impartir clases en modalidade virtual, no caso dos programas que non se poden instalar en ordenadores persoais pódese facer préstamo de ordenadores ao alumnado cos programas instalados.
- A Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade entregou un portátil ao profesorado asociado con máis de 4 anos de antigüidade.

Finalmente realizouse un inventario dos espazos docentes recollendo toda a información do equipamento: electrificación, número e tipo de pantallas, proxectores, etc.

Agradécese a Francisco Deive o traballo realizado e a David Patiño a colaboración no traspaso de funcións.

10 Actividade da comunidade do centro

10.1 Delegación de Alumando

A directora informa de que o xoves 17 tivo lugar o Acto de entrega de Premios da Carreira de Santa Bárbara, o Trofeo de Xadrez e o Concurso de fotografía da carreira, evento organizado pola Delegación de Alumnado.

10.2 Proxecto SIRMA. Grupo Xeotecnoloxías

O Grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas está a traballar no deseño dun método para previr riscos e aumentar a resiliencia das redes de infraestruturas viarias e ferroviarias da zona atlántica, en particular fronte aos impactos relacionados co cambio climático. Fano dentro do proxecto europeo Sirma, un traballo que arrancou en abril de 2019 e que está financiado con dous millóns de euros do programa *Interreg Atlantic Area*.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/grupo-xeotecnoloxias-aplicadas-avanza-deseno-dun-metodo-previr-riscos-infraestructuras-transporte>

11 Futuros Eventos

- Foro Tecnolóxico de Emprego: 3, 4 e 5 marzo.
- Día Internacional da Muller: 8 marzo. Conferencia ás 12:00 e entrega de Premios MULLE_RME ás 13:00.
- Concursos Enerxiza.RME e Escava.RME: 30 de marzo é a data límite de recepción de interese.